

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 20/06/2018 14:17:38

SAIDA

8482/18

D. Miguel Angel Delgado González
*Presidente da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo
Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)*

prensa@pladesemapesga.com

Expediente: N.7.Q/852/18

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Estimado Sr. Delgado González:

Con relación ao expediente de referencia, o 13 de xuño rexístrase a resposta municipal sobre o contido da reclamación e reflectido no devandito escrito nos seguintes termos literais:

"O pasado 29 de xaneiro de 2018, D. Miguel Ángel acude ás dependencias da Unidade de Atención Social de Catro Camiños identificándose como xornalista e demandando información para levar a cabo unha reportaxe. Seguindo o protocolo establecido para estes casos, a traballadora municipal que o atende lle indica que debe remitirse ao gabinete de Prensa do Concello. Ante esta información, D. Miguel amosa a súa desconformidade e comeza a esixir a identificación da funcionaria que lle está a facilitar esta información. Ante as formas empregadas por D. Miguel Ángel, a funcionaria se nega a identificarse por entender que D. Miguel non é persoa interesada en ningún procedemento administrativo.

Ante a negativa da funcionaria a identificarse, D. Miguel decide chamar á Policía Local manifestando que precisa coñecer a identidade da mesma para formular unha reclamación. Segundo o informe da Policía Local (achégase) a funcionaria se identifica mediante o carné de funcionaria pública do Concello co número 8105 co que se da resposta á solicitude de identificación por parte de D. Miguel Ángel.



En relación co estado tramitación da solicitude de expediente disciplinario contra a funcionaria número 8105 deste concello presentada por D. Miguel Ángel con data 7 de febreiro, infórmolle de que, segundo a información facilitada polo Servizo de Persoal, non se considera que existan feitos susceptibles de motivar a incoación dun procedemento disciplinario contra esta funcionaria.

Respecto ao sinalado por D. Miguel Ángel no apartado quinto, este servizo non ten constancia dos "GRAVES HECHOS del fondo del asunto" nin de denuncias reiteradas relativas ao "presunto trato y funcionamiento del servicio público de dicho centro".

Por último, respecto da información do apartado quinto do escrito de D. Miguel sobre Dna. María Concepción Bonome Veleiro, consideramos que non procede realizar ningunha aclaración dado que, obviamente, o que se relata, aínda sendo información publicada nun diario oficial, corresponde ao ámbito privado desta funcionaria. Sen embargo, si resulta importante subliñar o uso claramente mal intencionado que o reclamante fai desta información —absolutamente allea aos servizos sociais municipais- suxerindo á existencia de "indicios de "negocios" a la sombra", sen consideración algunha cara ao dereito á intimidade, á propia imaxe e á dignidade da empregada pública aludida".

Rematadas as dilixencias previas practicadas e tendo en conta a proposta da Alcaldía do Concello da Coruña, decrétase a conclusión do expediente de queixa N.7.Q/852/18 e mailo seu arquivo.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo